

*Nigrán, 31.05.22*

O Xurado do '**I Certame Infantil e Xuvenil de Relatos Curtos Carlos Casares**' organizado polo Concello de Nigrán e composto por Gustavo Adolfo Garrido García como representante da Fundación Carlos Casares; Beatriz Gil Menéndez, propietaria da librería Paraísos de Papel; e María Villar Andrade, xornalista no Concello de Nigrán, reúnese no Concello de Nigrán o 31.05.22 para ditaminar a obra gañadora deste concurso.

En total, preséntanse 6 relatos, todos correspondentes á categoría 'Cativos' (nados entre o 01/01/2013 ó 31/12/2010) e ningún na categoría 'Mozos' (nados do 01/01/2009 ó 31/12/2003). Tendo lido e valorado cada un dos relatos, o Xurado delibera e emite o seguinte fallo:

**- Relato Gañador 'Un becho no colexio', asinado baixo o pseudónimo 'Os protectores da natureza' e correspondente á clase de 3 de Primaria do CEIP Mallón.** O xurado ditamina por unanimidade o resultado ao ser a maiormente puntuada polos tres compoñentes. Na súa deliberación destacan por riba de todo a orixinalidade da obra (unha píntega rabilonga que fala) e a propia calidade literaria, xa que se trata dunha narración fantástica chea de imaxes e cunha redacción moi fluída e traballada. Ao mesmo tempo, o relato transmite valores vinculados á concienciación medioambiental e a protección da biodiversidade no noso propio territorio, amosando neste sentido a importancia da responsabilidade individual en cada pequeno xesto da nosa vida cotiá.

Igualmente, o xurado destaca o excelente nivel das demais obras presentadas, todas elas de gran calidade literaria, moi orixinais nas súas formulacións, apegadas a Nigrán e a nosa cultura, cheas de valores e cun perfecto manexo da lingua galega.